

INFORME DOS SERVIZOS XURÍDICOS SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, SOBRE O DEREITO AO COÑECEMENTO E Á CONTEMPLACIÓN PERMANENTE DA MULTIFACÉTICA OBRA DE CASTELAO POLO POBO GALEGO

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego (doc. R.E. núm. 21978, do 19 de marzo de 2025), cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, o disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

A finalidade da proposición de lei é *«impulsar as actividades a desenvolver pola Xunta de Galiza para difundir e pór en valor a obra e a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao»* (art. 1). Para acadar este obxectivo, a *«Xunta de Galiza realizará a catalogación de toda a obra, en todo tipo de facetas e xéneros, xa pertenza a fondos públicos ou privados, que teñan como autor a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, para o seu coñecemento a través dunha base pública de datos dixital de acceso aberto e universal.»* (art. 2). Engádesse no texto articulado que a *«Xunta de Galiza definirá un espazo museístico (...) para expor nel toda a obra plástica de Castelao...»* (art. 3). Dun xeito singular, *«impulsará a introdución, a través das disposicións e instrucións pertinentes, no sistema educativo, de forma transversal, da obra de Castelao»*. (art. 5.1).

Tendo en conta que:

a) Os ditos enunciados así como o texto da proposición de lei poderían ser cualificados como actos normativos de exercicio competencial que, en principio, se encadrarían nas materias seguintes:

a 1) Cultura.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en relación co patrimonio histórico e artístico, sen prexuízo da súa defensa polo Estado contra a exportación e a espoliación (art. 27.18 do EAG, en relación co artigos 148.1.18.º e 149.1.28.º da CE). Ten tamén competencia exclusiva para fomentar a cultura e a investigación en Galicia, sen prexuízo da competencia do Estado para considerar o servizo da cultura como deber e atribución esencial e para facilitar a comunicación cultural entre as comunidades autónomas de acordo con elas (art. 27.19 do EAG, en relación co art. 149.2 da CE). Como principio reitor da política social, os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico (art. 46 da CE). Esta pluralidade de títulos competenciais leva ao Tribunal Constitucional a considerar que sobre a materia de cultura hai unha competencia concorrente das comunidades autónomas e do Estado:

«Debe, pues, afirmarse la existencia de una competencia concurrente del Estado y las Comunidades Autónomas en materia de cultura con una acción autonómica específica, pero teniéndola también el Estado “en el área de preservación del patrimonio cultural común, pero también en aquello que precise de tratamientos generales o que haga menester esa acción pública cuando los fines culturales no pudieran lograrse desde otras instancias.” (STC 49/1984). La integración de la materia relativa al patrimonio histórico-artístico en la más amplia que se refiere a la cultura permite hallar fundamento en la postestad del Estado para legislar en aquella.» (STC 17/1991, en relación coa STC 6/2012).

a 2) Museos

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de museos de interese para ela (art. 27.18 en relación co art. 148.15.º da CE e STC 109/1996).

a 3) Ensino

É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 da daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía (art. 31 do EAG e SSTC 86/1985, 188/2001, 212/2005, entre outras).

Consecuentemente, a proposición de lei regula materias sobre as que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, non é de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, non se require para a súa aprobación unha maioría cualificada, nin ten natureza orzamentaria ou tributaria (art. 3 da Lei 7/2015, do 7 de agosto).

b) O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei preséntase por once persoas que constitúen a comisión promotora, que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos, DNI, enderezo e sinatura

c) A solicitude leva unha exposición de razóns, que é a propia exposición de motivos da proposición de lei, que aconsella a súa aprobación [art. 4 b) da Lei 7/2015].

d) Achégase unha declaración por parte das persoas que integran a comisión promotora de non estaren incursas nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as

previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto (art. 5 da Lei 7/2015, do 7 de agosto).

e) Achéganse as certificacións das correspondentes delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral acreditativas da veciñanza administrativa e inscrición no censo electoral da Comunidade Autónoma de Galicia das once persoas promotoras (art. 5 da Lei 7/2015, do 7 de agosto).

Conclusión

A proposición de lei de iniciativa popular presentada pola comisión promotora, integrada por once membros que cumpren os requisitos legais para formar parte dela e que supera o mínimo de dez persoas legalmente requirido, pode continuar coa súa tramitación.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2025

Polos Servizos Xurídicos



PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZOS XURÍDICOS